

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 27 DE XUÑO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Proxecto de Lei de caza de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha de servizos dixitais no ámbito da Administración Xustiza, por un importe de novecentos cincuenta mil euros (950.000 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeita á regulación harmonizada, das obras de rehabilitación do edificio da antiga Real Fábrica de Tabacos para infraestruturas xudiciais na Coruña, por un importe de licitación de dezanove millóns trescentos corenta e nove mil cincuenta e seis euros con oito céntimos (19.349.056,08 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Culleredo para a execución de beirarrúas e a recollida de pluviais na estrada AC-215, Fonteculler (AC-211)–O Portadego (N-550), por un importe total de cento setenta mil euros (170.000 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dun programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas (Re-Solve 2013), por importe de douscentos corenta e dous mil catrocentos euros (242.400 euros).
- Acordo polo que se exime de constitución de garantías nos pagamentos a conta das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape ás agrupacións empresariais (clústers) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 euros.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Muíños para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de dezaioito mil cincocentos oitenta e cinco euros (18.585 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mugardos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de catorce mil cento sesenta euros (14.160 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cento vinte e seis mil cento doce euros con cincuenta céntimos (126.112,50 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cento sete mil novecentos setenta euros (107.970 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol

para a xestión do servizo de comedor escolar en oito centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cento seis mil douscentos euros (106.200 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de sesenta e catro mil douscentos cincuenta e un euros (64.251 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de sesenta e nove mil trinta euros (69.030 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en cinco centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cento setenta e tres mil seiscientos trinta e sete euros (173.637 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o oitavo acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2014, por un importe total de catro millóns oitocentos un mil catrocentos cincuenta e dous euros con sesenta e dous céntimos (4.801.452,62 euros).
- Acordo polo que se autoriza o sétimo acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2014, por un importe total de cincuenta e oito mil setecentos dezanove euros con sesenta e catro céntimos (58.719,64 euros).
- Acordo polo que se autoriza o sétimo acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2014, por un importe total de novecientos noventa mil vinte e nove euros con sesenta e sete céntimos (990.029,67 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de

régime financeiro e orzamentario de Galicia; na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por un importe total de un millón cento cincuenta e catro mil euros (1.154.000 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de catrocentos sesenta e nove mil catrocentos trinta e tres euros (469.433 euros).

O CONSELLO APROBA O PROXECTO DE LEI DE CAZA DE GALICIA, QUE SE REMITIRÁ AO PARLAMENTO PARA A SÚA APROBACIÓN NO VINDEIRO PERIODO DE SESIÓNS

- *O texto recoñece a dimensión ecolóxica e ambiental da caza e potencia a figura do cazador como clave no sector para mellorar a administración do monte galego*
- *Unha das grandes achegas desta nova lei é a constitución dun fondo de corresponsabilidade, dotado con achegas públicas e que permitirá unha repartición máis xusta da responsabilidade patrimonial polos danos que causen as especies cinexéticas*
- *Máis dun 80% do territorio da comunidade é cinexético. Na actualidade hai 440 Tecor, cunha superficie mínima de 2.000 hectáreas, e existen preto de 50.000 licencias de caza*
- *Os titulares dos Tecor deberán presentar obrigatoriamente un plan de ordenación dos recursos cinexéticos para un período mínimo de 5 anos, para a mellora na xestión dos terreos de caza.*
- *Coa Lei de caza xa son tres os proxectos de Lei do ámbito competencial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobados polo Consello da Xunta na actual lexislatura, xunto coa Lei do taxi e a Lei de estradas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto da nova Lei de caza de Galicia, co obxectivo de convertela no instrumento legal para un exercicio máis ético e responsable da actividade cinexética, cunha distribución xusta e solidaria fronte aos danos causados polas especies. A normativa legal recoñece a dimensión ecolóxica e ambiental desta actividade, ao mesmo tempo que se proxecta a figura do cazador como clave na administración do monte galego.

Tras este paso o proxecto da Lei de caza será remitido ao Parlamento para o seu debate e posible aprobación no vindeiro período de sesións. Con esta xa son tres os proxectos de lei do ámbito competencial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobados polo Consello da Xunta na actual lexislatura: Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, Lei de estradas e, desde hoxe, a Lei de caza.

Grazas á nova Lei, a caza recóllese dun xeito moito mais amplo e preciso. Así, consolídase a actividade cinexética, máis que como unha simple actividade lúdica ou deportiva, como un instrumento básico para a xestión das poboacións silvestres e o desenvolvemento sustentable, reforzando a súa transcendencia ambiental.

Oriéntase, ademais, cara a criterios de rendibilidade para a explotación dos recursos naturais, cunha intensa compoñente social. A lei afonda no propósito de lograr que a caza sexa unha actividade segura e aborda a problemática que xera a atribución da

responsabilidade e a necesidade de repartir a carga desta, polos danos que causan as especies cinexéticas, desde criterios de equidade e de solidariedade.

Esta lei faise necesaria, non só para actualizar unha normativa que data de 1997, senón tamén para avanzar un paso máis no obxectivo de regular e ordenar a caza. Trátase de dar unha resposta á realidade actual da caza de Galicia, onde máis dun 80% do territorio da Ccomunidade é cinexético. As cifras da caza na Comunidade galega revelan que na actualidade hai 440 Tecor, cunha superficie mínima de 2.000 hectáreas, un tamaño moi superior a outras partes de España que están entre as 200-300 has, e existen preto de 50.000 licencias de caza. Esta lei non só mellorará a normativa, senón que tamén permitirá adaptarse á realidade.

O cazador

Desde a Xunta de Galicia sinálase que nesta tarefa de ordenar o aproveitamento cinexético galego, o cazador é unha peza clave, polo que a lei define a súa figura (quen exerce a acción de cazar, reunindo os requisitos legais para iso), e sinala os seus deberes e as responsabilidades que asume, e as condicións para a obtención da licenza de caza; ao mesmo tempo que asegura que o cazador debe ser considerado como parte da solución, non como un problema. A presenza dos cazadores é fundamental para a xestión dos hábitats, pois se eles se retiran, tamén se non hai relevo xeracional, a proliferación de especies sería moito maior e vagarían sen ningún tipo de control, polo que os danos serían sumamente máis cuantiosos. Así pois, o labor dos cazadores redunda no fundamental equilibrio ecolóxico.

Fondo de Corresponsabilidade

Unha das grandes achegas desta nova lei é a constitución dun fondo de corresponsabilidade, que permitirá a participación de todos os axentes na repartición de cargas que teñen que soportar os agricultores e gandeiros e tamén os titulares dos terreos de caza polos danos que causan as especies cinexéticas, e vai propiciar unha distribución máis equitativa e solidaria da responsabilidade por estes danos.

Este é un dos motivos de preocupación dos cazadores e, por extensión, da sociedade en xeral. O fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración autonómica.

Función social

Outro dos principios que inspiran esta nova Lei de caza é a posta en valor da función social, xa que non se trata dun deporte máis, equiparable a outros deportes, posto que a actividade cinexética ten unha gran transcendencia á hora de xestionar as poboacións das diferentes especies e o medio natural.

A caza é un dos instrumentos máis eficaces para xestionar o medio, de aí que a lei responda ao labor fundamental dos cazadores a favor do mantemento das poboacións e

do medio natural, vendo a actividade da caza desde un enfoque social, compatible co aproveitamento cinexético e o desenvolvemento rural.

Ordenación da caza

Na lei (capítulo III) faise eferencia á ordenación dos aproveitamentos cinexéticos, onde se di expresamente que os titulares dos Tecor deberán presentar obrigatoriamente un plan de ordenación cinexética para un período de 5 anos, que constituirá unha norma a partir da cal se desenvolverá ordenadamente a actividade da caza dentro do marco dos períodos hábiles e xerais. Tamén deberán presentar un plan anual de aproveitamento cinexético que desenvolva as previsións contidas no Plan de Ordenación para cada tempada.

Outros aspectos

Faise fincapé no control das poboacións, en especial daquelas que están a producir danos na agricultura o no trafico rodado e que son causa dunha grave preocupación social. Flexibilízanse as normas para facilitar a adopción de medidas de control das súas poboacións. Ábrese a posibilidade de facer xestión das poboacións destas especies nos vedados nos cales con carácter xeral, está prohibido o exercicio da caza.

Establece un réxime sancionador claro e preciso que recolle como infraccións todas as condutas que declara prohibidas. Crea novos tipos infractores, modifica algúns e fai desaparecer outros.

Polo que se refire á idade mínima para obter licenza de caza, mantense nos 16 anos. O Valedor do Pobo fixo este requirimento que se acepta por entender que é unha medida de prudencia baseada na seguridade. De todos os xeitos, o menor vén obrigado, durante o exercicio da caza, a non separarse a máis de 50 metros dunha persoa maior que se encargue da súa vixilancia.

A XUNTA COMPLETARÁ A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE GRAVACIÓN DE VISTAS CON SINATURA DIXITAL NO 100% DOS ÓRGANOS XUDICIAIS GALEGOS

- *A Administración autonómica está a abordar a primeira fase deste proceso que chegará a finais de ano a 71 salas de vistas, o 42% do total*
- *A Axencia para a Modernización Tecnolóxica e a entidade pública estatal asinarán proximamente un convenio para iniciar a segunda fase cun investimento de 950.000 euros*
- *O acordo permitirá tamén avanzar na creación dun repositorio centralizado con toda a información e as gravacións da Administración da xustiza no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta*
- *Ambas as actuacións enmárcanse no Programa Lus+Red ao cal Galicia se adheriu en 2010 e que conta cun investimento total de preto de 1,6 millóns de euros na Comunidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a entidade pública estatal Red.es e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para completar o despregamento do novo sistema de gravación de vistas con sinatura dixital na totalidade dos órganos xudiciais galegos e avanzar na creación dun repositorio centralizado con toda a información e as gravacións do eido xudicial galego no Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta. Ambas as actuacións emárcanse no desenvolvemento do expediente xudicial electrónico.

Investimento para chegar ao 100% das salas

O acordo establece un investimento de 950.000 euros, dos que o 80% serán achegados por Red.es con cargo aos fondos FEDER e o 20% pola Amtega. Este convenio enmárcase no Programa lus+Red para o desenvolvemento de novos servizos dixitais no eido xudicial e no cal ambas administracións veñen colaborando desde 2010 e que conta cun investimento total das preto de 1,62 millóns de euros en Galicia. Grazas a este programa, a Xunta iniciou este ano a primeira fase do proceso de implantación do sistema de gravación de vistas, que chegará a 71 salas, o 42% do total. O convenio aprobado hoxe permitirá abordar a segunda fase do proceso e acadar as 100 salas restantes.

Chave para consolidar o expediente xudicial electrónico

Este novo sistema dixital evitará a presenza física no xuízo dos secretarios xudiciais, que asinarán electronicamente a gravación con todas as garantías de autenticidade e seguridade, e permitiralles a consulta das gravacións vía web a xuíces e secretarios xudiciais. Deste xeito contribúese ao desenvolvemento e a consolidación do expediente xudicial electrónico.

Ademais, o convenio permitirá avanzar noutra actuación chave na dixitalización da xustiza e na consolidación do expediente xudicial, como é a creación dun repositorio único e centralizado de información no Centro de Proceso de Datos Integrado (CPDI) da Xunta con todas as gravacións da Administración de xustiza de Galicia accesible desde calquera punto de Galicia nun contexto seguro, altamente dispoñible e no marco do desenvolvemento do expediente xudicial electrónico.

Plan Senda e convenio co Goberno central

A renovación dos sistemas de gravación de vistas enmárcase no Plan Senda para a integración das TIC na xustiza, no cal se levan investidos 13,7 millóns de euros no período 2009-2012.

As medidas do plan abranguen a mellora das infraestruturas de telecomunicacións das sedes xudiciais, a implantación e actualización dos sistemas de información como Lexnet, Minerva ou Fortuny, a formación do axentes xudiciais e a renovación e implantación de equipamento tecnolóxico que está a permitir a dixitalización dos trámites administrativos, evitando o uso do papel e aforrando desprazamentos.

Para complementar estas actuacións e avanzar no desenvolvemento do expediente electrónico xudicial, a Xunta vén de asinar un convenio con Goberno central por un importe de 5 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA FÁBRICA DE TABACOS DA CORUÑA

- ***A Xunta investirá máis de 20 millóns de euros na nova sede xudicial coruñesa***
- ***Albergará a sede da Audiencia Provincial, o Xulgado de Menores, o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e a sede da Fiscalía***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do expediente de rehabilitación do edificio da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña para infraestruturas xudiciais por un importe de 20 millóns de euros.

A nova sede xudicial permitirá solucionar os actuais problemas de espazo que teñen as unidades xudiciais da cidade, mediante a reorganización dos órganos xudiciais existentes, para así poñer fin á excesiva dispersión da actualidade. Ademais, produciralle un importante aforro ás arcas públicas, unha vez se prescinda do alugamento de determinados inmobles onde actualmente se sitúan parte das instalacións xudiciais da cidade e que ascenden a máis 400.000 euros ao ano.

Está previsto que as obras se inicien o último trimestre do ano e rematen a mediados do 2016. Unha vez finalice a rehabilitación integral do inmovible, albergará a sede da Audiencia Provincial, o Xulgado de Menores, o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e a sede da Fiscalía, así como os servizos e locais comúns a todos os usuarios, nun espazo de máis de 18.700 metros cadrados, repartidos en catro plantas: soto, baixa, primeira, segunda e baixo cuberta.

Así mesmo, entre os espazos singulares atópanse os patios existentes que se destinan integramente á circulación do público, os accesos a xulgados, colexios profesionais e salas de audiencia, ademais da biblioteca e das salas de usos múltiples situadas na primeira planta. Finalmente, as catro salas da Audiencia Provincial e unha sala de vistas para os dous xulgados.

Os espazos de traballo dos xuíces, secretarios, fiscais e funcionarios resolveranse situando os despachos no perímetro exterior do edificio e as oficinas de tramitación nas alas centrais. Haberá tamén zonas previstas para o arquivamento en distintos lugares do edificio e para as celas de detidos no soto.

Coa entrada en funcionamento da nova infraestructura, na antiga Fábrica de Tabacos, quedarán libres nos actuais edificios dos xulgados e da Audiencia Provincial uns 6.500 metros cadrados, o que permitirá relocalizar os seis xulgados do Edificio Proa e a Subdirección do Imelga.

A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CULLEREDO MELLORARÁN A ESTRADA AC-215 (FONTECULLER – O PORTÁDEGO) AO SEU PASO POLO MUNICIPIO

- *O convenio de colaboración tamén recolle a transferencia da titularidade dun treito de 800 metros da estrada autonómica*
- *As obras consistirán na creación de beirarrúas na marxe esquerda e nun pequeno treito na orixe da marxe dereita, ademais de emendar os problemas de recollida de augas pluviais*
- *A Consellería de Medio Ambiente, a través da AXI, achegará un orzamento para a execución das obras dun máximo de 170.000 euros*
- *A aprobación deste convenio ten coma finalidade mellorar a seguridade viaria e cumprir os obxectivos de accesibilidade e mobilidade das persoas recollidos no Plan MOVE*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Culleredo para a execución de melloras na estrada AC-215 Fonteculler (AC-211) – O Portádego (N-550), ao seu paso polo municipio de Culleredo.


A consellería dirixida por Agustín Hernández, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), tramitará o expediente para a transferencia da titularidade dun treito de 800 metros da estrada autonómica a prol do concello, situado entre os p.q. 0+000 ao 0+800.

Ambas as administracións ven preciso solucionar a carencia de beirarrúas que presenta nese treito a AC-215 na marxe esquerda e nun pequeno tramo na orixe da marxe dereita, ao seu paso polo municipio de Culleredo, así como o problema de recollida de augas pluviais.

Para o desenvolvemento destas actuacións, a AXI achegará un orzamento de ata un máximo de 170.000 euros, e o Concello deberá asumir as obrigas económicas que excedan este importe e levar a cabo todas as actuacións necesarias para a correcta licitación e execución das obras.

Compromiso coa mobilidade

A Consellería de Medio Ambiente ten coma obxecto con esta actuación cumprir os obxectivos do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica, Plan MOVE, o cal contempla a mellora das condicións de accesibilidade e mobilidade das persoas, promovendo contornos urbanos seguros, co fin de que se reduza a probabilidade de que se produzan accidentes.



A XUNTA MOBILIZA 30 MILLÓNS EN AVAIS PARA EMPREENDEDORES, INTERNACIONALIZACIÓN E CIRCULANTE DAS PEMES GALEGAS

- ***O Goberno prioriza, na súa estratexia de avais, tres eixos clave para dinamizar a actividade económica do tecido empresarial galego***
- ***Autorízase unha nova convocatoria do ReSolve que mobilizará máis de 12 millóns para favorecer o acceso ao crédito das pequenas e medianas***
- ***Ademais, o programa de microcréditos previsto na Lei de emprendemento sumará préstamos por importe de 10 millóns de euros para financiar proxectos de emprendedores***
- ***No eido da internacionalización, a través do re-Export respáldanse os custos das exportacións das empresas galegas cunha liña de avais que mobiliza 8 millóns de euros***

A Xunta de Galicia mobilizará este ano 30 millóns de euros en avais para impulsar o emprendemento, facilitar as exportacións, e achegar circulante ás empresas galegas. Deste xeito, o Goberno autonómico prioriza tres eixos clave da súa política económica a través da figura do aval, unha aposta que permite incrementar a cantidade mobilizada no conxunto do tecido empresarial chegando a un maior número de proxectos.

Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria do ReSolve, un programa que impulsará a mobilización de máis de 12 millóns de euros en circulante facilitando a concesión de préstamos comprendidos entre 3.000 e 150.000 euros, que contribuirán á mellora da situación financeira de ata 500 empresas galegas no actual contexto económico. Favorécese así o acceso ao financiamento de circulante, un dos principais problemas con que se están a atopar as empresas, mediante préstamos avalados nun 100% polas Sociedades de Garantía Recíproca (SGR) que, a súa vez, contan cun reaval da Consellería de Economía e Industria polo 25% do risco asumido.

As operacións financeiras apoiadas ao amparo do ReSolve terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluídos 2 de carencia, o que supón unha significativa mellora no prazo de amortización dos préstamos con respecto aos 3 anos das anteriores convocatorias. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 31 de outubro, entrando en vigor o programa trala sinatura do correspondente convenio de colaboración coas SGR e as entidades financeiras.

O ReSolve complementa o novo programa de microcréditos previsto na futura Lei de emprendemento de Galicia, que sumará préstamos por importe de 10 millóns de euros para financiar os investimentos dos emprendedores. Mediante un acordo que asinará o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) coas sociedades galegas de garantía recíproca (SGRs), estas avalarán o 100% destes microcréditos, que poderán alcanzar os 25.000 euros.

Pola súa banda, a través do programa re-Export, xa en marcha, a Xunta respalda os custos das exportacións das empresas galegas cunha liña de avais que mobilizará 8 millóns de euros para facilitar operacións destinadas a iniciar ou consolidar as vendas en mercados exteriores. O programa permite así impulsar as exportacións das pemes de calquera actividade produtiva, avalando operacións que oscilan entre os 80.000 e os 250.000 euros.

A XUNTA DESTINA 4,2 MILLÓNS Á CONSOLIDACIÓN DE CLÚSTERS EXCELENTES GALEGOS COMO IMPULSORES DA COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

- *A nova liña busca reforzar os clústers galegos facilitando o impulso tecnolóxico, a innovación nas pemes e a captación de novas empresas*
- *Os investimentos para proxectos de mellora en centros de formación e infraestruturas de investigación contan con apoios de ata o 50%*
- *Durante o primeiro ano subvencionarase o 100% dos custos de funcionamento destinados á incorporación de socios e á organización de programas formativos*
- *O programa pioneiro reitera a aposta da Xunta polos clústers como dinamizadores da economía de Galicia, sumando entre as súas empresas arredor dun terzo do PIB galego e o 50% das exportacións*

A Xunta de Galicia, consciente da importancia dos clústers na dinamización da economía galega, está a traballar no impulso da súa excelencia co obxectivo de configuralos como os ámbitos idóneos nos que desenvolver proxectos innovadores que incrementen a competitividade do tecido empresarial. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria convoca este ano, por primeira vez, unha liña específica de axudas para estas agrupacións dotada con 4,2 millóns de euros. O programa ten como fin facilitar o desenvolvemento de plans estratéxicos para o período 2013-2015, potenciando a capacidade dos clústers para que multipliquen os proxectos de cooperación entre empresas.

Así, o novo programa, articulado a través do Igape, mellorará a fortaleza dos clústers galegos, facilitando tanto o impulso tecnolóxico e a innovación como a captación de novas empresas e o desenvolvemento de programas de formación. Deste xeito, os clústers actuarán como pancas para o desenvolvemento da industria e dos servizos, dinamizando a actividade económica de Galicia e contribuíndo á xeración de emprego.

Para acadar estes obxectivos impúlsanse, en primeiro lugar, aqueles proxectos de mellora promovidos polas agrupacións en centros de formación e infraestruturas de investigación, con apoios que poden chegar ata o 50% dos investimentos. En particular, outorgaranse axudas a determinados investimentos necesarios para facilitar o impulso tecnolóxico e a innovación destinada ás pemes.

Así mesmo, para fomentar a captación de empresas e a organización de programas formativos, cubrirase, durante o primeiro ano, o 100% dos custos de funcionamento destinados a estes campos. A intensidade destes apoios irá decrecendo un 25% nos seguintes exercicios.

O procedemento de concesión das subvencións farase polo réxime de concorrencia competitiva. Teranse en conta, por unha banda, o potencial, a capacidade tecnolóxica e

innovadora e a representatividade dos clústers solicitantes; e, por outra, valoraranse as características dos proxectos presentados, con especial consideración para o seu encadramento nun plan estratéxico da agrupación solicitante, o carácter innovador dos proxectos ou a detección de novas oportunidades de negocio, entre outros criterios.

A través deste programa, o Goberno galego reitera a súa aposta, reflectida na Lei de Política Industrial de Galicia, pola eficiencia e dinamismo dos clústers como dinamizadores da economía galega. Non en van, estas agrupacións aglutinan arredor dun terzo do PIB global de Galicia, sumando máis de 26.000 millóns de euros de volume de negocio no seu conxunto e representando máis da metade das exportacións da comunidade.

Así mesmo, esta aposta vai en sintonía coa Estratexia 2020 da Unión Europea, baseada nun modelo de crecemento intelixente, sustentable e innovador, no cal os clústers están chamados a ser o vehículo axeitado para procurar que a innovación chegue ás pequenas e medianas empresas.

CULTURA E EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS CON CONCELLOS PARA POÑER Á DISPOSICIÓN DE 2.349 USUARIOS O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DURANTE OS DOUS PRÓXIMOS CURSOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de acordos de colaboración con Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños e Santiago de Compostela, grazas ao cal se dará o servizo a un 5,8% máis de usuarios***
- ***Deste xeito a Consellería reafirma o seu compromiso coa prestación deste servizo complementario, fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar. De feito é a primeira vez que se autoriza a sinatura dos acordos para dous cursos escolares***
- ***O investimento por parte da Consellería será de preto de 680.000 euros***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Mugardos, Muíños e Santiago de Compostela para a prestación do servizo de comedor escolar en 33 centros educativos, grazas ao cal se lles facilitará a 2.349 usuarios acceder a este servizo complementario durante os próximos dous cursos, un 5,8% máis que os beneficiados no curso 2012/2013 por estes acordos. A achega total da Consellería para estes convenios será de preto de 680.000 euros.

Deste xeito, e despois de que algunhas asociacións de nais e pais decidiran nos últimos anos xestionar os comedores, a Consellería reafirma o seu compromiso co mantemento deste servizo complementario educativo, de fundamental importancia para a conciliación da vida familiar e laboral. De feito este ano asinaranse os convenios por primeira vez cos concellos de Betanzos e Gondomar, despois de que o de Narón declinara a invitación da Consellería de renovar o acordo.

Centros beneficiados

Ao abeiro destes acordos, a Consellería apoiará o Concello de Ames na xestión dos comedores dos CEIP A Maía, Agro do Muíño, de Barouta e de Ventín, e no da EEI do Milladoiro. No caso de Betanzos o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín e en Cangas serano os CEIP de Cangas, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa. No acordo co Concello de Ferrol incluíranse os comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdías, San Xoán de Filgueira, Esteiro e Pazos; mentres que en Gondomar se incluírán os CEIP Souto de Donas, Serra de Vincios, Xosé Neira Vilas e Chano Piñeiro.

Ademais beneficianse destes acordos os usuarios dos comedores do CEIP Unión Mugardesa, en Mugardos; e do CEIP Valle Inclán, en Muíños; así como os dos composteláns CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á elaboración dos menús escolares, á repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A sinatura destes convenios é un novo paso na aposta que o departamento educativo da Xunta de Galicia está a facer en prol do servizo de comedor escolar nos centros públicos. Así, en dúas lexislaturas aumentárase en máis de 18.000 o número de prazas nos comedores escolares que xestiona, das que 11.000 serán gratuítas. O vindeiro curso o 70% dos usuarios terán o servizo gratuíto ou pagando 1 euro por menú, ao abeiro do novo Decreto de comedores, que permite a ampliación de prazas garantindo o servizo sen custo nalgún para as familias con menos recursos.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA MÁIS DE 5,8 MILLÓNS DE EUROS AS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo – asinados no 2001- por un importe de 5.850.201 euros para colaborar nos aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

O concerto prorrógase por un período dun ano, desde o 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2014. O importe dos concertos é similar ao do ano anterior.

Esta colaboración entre as tres universidades galegas e o Servizo Galego de Saúde permite a utilización das institucións sanitarias para a investigación e docencia universitaria. Entre os seus obxectivos está a formación dos alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro, o mantemento da cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel e traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, poténciase a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

Esta achega representa o compromiso da Consellería e o Servizo Galego da Saúde cos seus profesionais para que compartan a actividade asistencial coa docente e investigadora e poñer á disposición do Sistema Universitario Galego todos os seus recursos para a formación dos alumnos en ciencias da saúde.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS AOS CONCELLOS PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS

- ***O investimento en prevención previsto nesta orde para o ano 2013 e o primeiro semestre do 2014 é de 1.154.000 euros.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En total, o investimento en prevención previsto nesta orde para o ano 2013 e o primeiro semestre do 2014 é de 1.154.000 euros.

O desenvolvemento destas actuacións de prevención teñen por obxectivo atrasar a idade de inicio no consumo de substancias con capacidade de producir adicción e, polo tanto, diminuír as prevalencias de consumo tanto nestas idades como na idade adulta. Os consumos de risco destas substancias teñen especial significación cando se inicia en idades temperás xa que isto vai ligado ao consumo crónico e a longo prazo.

Estas actividades inscríbense tamén no previsto na Estratexia nacional sobre drogas que lidera a Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas.

Ademais, con esta convocatoria recupérase o financiamento de actividades preventivas levadas a cabo polos concellos da Comunidade Autónoma que agora, a diferenza de anos anteriores que se facía de forma nominal, pasa a ser unha subvención por concorrencia competitiva, dándolle así unha maior transparencia.

Plan de trastornos adictivos

O Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016 recolle dez liñas estratéxicas de actuación entre as cales destaca a diminución da prevalencia dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas; a regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco en menores; así como a prevención das adiccións sociais e condutas relacionadas e a diminución de riscos e redución de danos asociadas ao uso e abuso de drogas.

As cinco primeiras liñas estratéxicas establecen as actuacións claves e os responsables de desenvolverlas, sendo os concellos e as entidades cidadás –entidades privadas que traballan en materia de drogodependencias- as que terán competencia no desenvolvemento de campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas e outras adiccións sociais e condutas relacionadas; así como

na elaboración de guías e materiais de sensibilización social nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil e laboral.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 470.000 EUROS EN AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS REGULADORES AGROALIMENTARIOS

- ***A través destas achegas, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e na promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade***

O Goberno galego impulsa a promoción dos alimentos de calidade e o seu consumo con axudas por un importe total de 469.433 euros destinadas aos gastos de funcionamento dos 22 consellos reguladores dos produtos agroalimentarios. O Consello da Xunta aprobou hoxe estas subvencións destinadas a un sector fundamental para a economía galega.

A través destas achegas, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade. Ademais son de grande axuda para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación.

En Galicia os produtos de calidade supoñen unha facturación anual duns 300 millóns de euros e implican a case 30.000 explotacións agrarias –moitas delas de carácter familiar– e a 900 industrias. Esta importancia represéntase a través dos consellos reguladores, que difunden a calidade dos produtos agroalimentarios repercutindo no beneficio de todos os cidadáns.

Neste sentido, resulta fundamental para a economía galega –e polo tanto para os cidadáns– manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, na medida en que se lle dá valor á “marca” Galicia.